



COMUNICADO DA CIG-ENSINO EN APOIO Á COMUNIDADE EDUCATIVA DO IES AGRA DO ORZÁN

A Coruña, a 26 de outubro de 2015

A CIG-Ensino adhírese as demandas do IES Agra do Orzán e rexeita totalmente a decisión da Consellaría de Educación de prohibir ao alumnado de ESO e Bacharelato do centro facer uso da piscina construída nos propios terreos do instituto.

A CIG-Ensino considera que este é un novo ataque da Consellaría ao ensino público, nesta ocasión para favorecer á empresa privada que se encarga da xestión das instalacións deportivas (que son de titularidade pública). Unha empresa que, non cómpre esquecer, está en permanente conflito coa administración galega.

Dende a Federación do Ensino da CIG esíxese á Consellaría de Educación que priorice a calidade educativa fronte ao beneficio privado e proceda á inmediata retirada desta resolución, permitindo o acceso a todo o alumnado do IES Agra do Orzán ás instalacións deportivas, tal e como veu acontecendo nestes últimos 23 anos.

De igual xeito, a CIG-Ensino apoiará calquera mobilización que dende a comunidade educativa do IES Agra do Orzán se acorde levar adiante para frear esta agresión ao ensino público.

Agardando que sexa do voso interese.
Un cordial saúdo.